

VIERNES, 16 de septiembre de 2011

REPORTAJE:

Contra os 'escritores de verdade'

Catro autores novos falan de literatura, compromiso e mercadoría - "Non me dá igual o sistema literario, si as súas elites", di Andrea Nunes

ÓSCAR IGLESIAS | 16 SEP 2011

A literatura, que non é un valor de seu nin garante nada, a sociedade -que non sabe que facer con ela- e a escritura sen expectativas. O vicio de estabular xente segundo marcas cronolóxicas -a algúns deles xa os chamaron outra vez novísimos-, o espazo da cultura cando só intervén como mercadoría e a cuestión do idioma, que o atravesa todo. Destes asuntos e algúns máis falan catro autores nados entre 1984 e 1987. Mañá participan no sexto congreso de autores mozos que organiza na Coruña a Asociación Galega de Escritores, Da tinta á pegada dixital. Ningún deles ten traballo estable.

Como preguntar por que se escribe é de mal gusto, a conversa empeza polo lugar onde radica aínda a importancia da literatura. "O importante é que valla para algo", resume a poeta Andrea Nunes Brións. "Como xeito de se expresar e, amais, como forma de acción directa", di a autora do recente *Todas as mulleres que fun* (Corsárias) e *Corrente do esquecemento*, editado en 2007 por Aturuxo, o colectivo galego que defende os dereitos das sexualidades non heterónomas. Gonzalo Hermo contrapón a lentitude do discurso poético ao "bombardeo semiótico" na vida. "Lía o outro día sobre a linguaxe do fascismo, obscenamente directa, como a da publicidade. A poesía sería a linguaxe do contrario".

Hermo: "É como se o discurso de Ana Romaní ou Chus Pato callase nos homes"

Dicir compromiso literario -escribir para unha época, en sentido amplo- en Galicia activa outros repertorios. "No noso país ségueselle prestando moita atención á dimensión política das eleccións literarias", responde desde fóra Pablo García, o único sen formación filolóxica (é xornalista), gañador do Premio Biblos en 2009 con *Relato dun estalido xordo*, supervisado por Manuel

Berta Dávila: "Non penso en min como escritora profesional. Iso non existe"

Rivas: "Iso explícase porque non están resoltas as cuestións identitarias básicas". Berta Dávila, con dous poemarios (*Corpo baleiro e Dentro*), gañadora do Biblos un ano antes con *Bailarei sobre a túa tumba*, titelada por Agustín Fernández Paz, e interesada tamén nas formas fragmentarias (*A arte do fracaso*),

dalle unha volta a Adorno cambiando os termos da barbarie: "Como non imos escribir dende o tempo no que vivimos e dende a situación que temos coa lingua? Posiciónaste en cada acto de escrita".

"O da literatura sempre será un discurso de resistencia mentres non se normalice o país", di Gonzalo Hermo (*Crac, Barbantesa*), no recordo de onde vimos. "É que ten que ser un discurso de resistencia", segue Nunes, que o estende cara a outras loitas transversais, máis postergadas na política ou no ensaísmo que na sociedade. "Eu podo equiparalo á situación que hai con respecto ás mulleres que escriben. Hai moi poucas que asuman un discurso de xénero, que se recoñezan como mulleres á parte de escritoras. Hai outro sector de mulleres, bioloxicamente, que aspiran a ser escritores". Poucas probas

semánticas máis claras que falar de literatura de muller. "É aberrante", critica Nunes. "Escoitades por aí chamarlle a algo literatura masculina?", pregunta Dávila.

Interesado tamén nos pregos das identidades sexuais "e todo iso que Harold Bloom chamou despectivamente 'literaturalésbico-esquimó", Hermo insinúa un certo "medo a empregar certas etiquetas". "Por que non lle din literatura feminista?". A nova virilidade, categoría en uso no mundo anglosaxón desde os noventa, ten percorrido en Galicia. "Será un tema estrela", xulga Hermo. "É como se o discurso de Chus Pato ou Ana Romani callase nos homes. Velo en Samuel Solleiro ou Mario Regueira, cando fai unha poesía de tipo erótico que non tende á dominación".

Arrombadas as datas de produción para facer marca xeracional, algúns deles teñen citado como compañeiras de viaxe a coetáneas como Alicia Fernández, Oriana Méndez ou Xiana Arias. Non ven liñas de continuidade cos noventa. Nin cos oitenta. Pablo García resúmeo moito: "A min gústame Eva Moreda". "A todas nos gusta Chus Pato", di Nunes, "e todas vivimos o Prestige, o non á guerra, o da LOU e a derrota do bipartito". "Todo marca, pero eu roubo ás miñas coetáneas como a xente de 60 anos", engade. Hermo complexiza o tema: "Cando Berta decide citar a determinadas escritoras dos noventa [Enma Pedreira] non as está canonizando, pero si as pasa de tempo. O interesante disto é a que autores imos silenciar e cales imos acoller". Dávila, lectora de Valente, Cunqueiro ou Sylvia Plath en pé de igualdade, volve sobre o ensino e a desprotección do idioma: "Todas nós estudamos galego na escola, lemos alí a Fernández Paz. A xente de antes non puido, e pode que as xeracións vindeiras non vaian ter a mesma sorte".

Ningún ten medo de acabar institucionalizado. Outra cousa é inserirse na hexemónica praza do escritor e profesor. Nos noventa xa era lei a enésima morte da literatura, pola forza corrosiva da mercancía, na medida en que aspira a ser recoñecida. Aquí axuda a febleza do mercado cultural galego, pero a cuestión, cinguida ao extracto que segue, non é esa:

Nunes: A min non é que me dea igual o sistema literario, dame igual o tema das elites.

Dávila: É como dicir "escritores de verdade". Eu non teño vontade de traxectoria, non penso en min como escritora profesional. Iso non existe.

Herme: E se vos din "farías unha novela para tal data, pagámosche tanto ao mes"?

Nunes: Eu, no momento no que estou, acepto fixo [ri].

O congreso ao que asisten mañá dá para falar da construción de novos discursos literarios, partillando artes visuais e sonoras, coas ferramentas da Rede. Habendo trasvases entre o papel e o dixital, e ao revés -Olalla Cociña, Xabier Cid ou Eduardo Estévez-, Dávila bota en falta novas gramáticas con linques e imaxe: "Iso si que non o vexo tanto". Pablo García relativiza o discurso dalgúns petrucios do papel -Cormac McCarthy afirmou que o cerebro dos lectores xa non daría filtrado Moby Dick por falta de concentración- con humor. E con Crime e castigo: "Raskolnikov seguirá alimentándose coas nosas horas de lecer mentres as persoas sexan persoas. O problema xorde se nós xa non estamos afeitos a ser receptores activos de textos complexos". A culpa, se a houbera, é plural: "Do Land Róber, A Solaina e José Ramón de la Morena, entroutros".

Para saír do cárcere

"Galiza está no cárcere", dixo unha vez -no fanado Galicia Hoxe- a poeta Lupe Gómez. O recurso da autora de Levantar as tetas válelles a todos, se ben a situación é "reversíbel". "Ten que selo", di Berta Dávila, "eses discursos pesimistas que no fondo son realistas, a min deprímenme". "Lupe tamén escribe Galiza, tes a forza de

romperme os ollos", engade Nunes. "E tamén Galiza non son imaxes, son restos", apón Gonzalo Hermo, "é algo reversíbel, é o que ten que figurar na entrevista, outra cousa é que a realidade te mine. Ao mellor o discurso ten que ser de recuperación, máis ca de construción".

"Deconstrución máis que construción", encerella Nunes a cuestión da normalización antes cá discusión, menú de consenso na cultura galega desde os oitenta, agora á intemperie. "Trataríase de ver que hai de sucio aquí, e despois, a partir daí...", consigna Hermo. Sen ter rematado Hermo, Dávila fala duns tempos "escuras": "Cada vez máis, non contabamos con isto que está a suceder, mais hai que pelexar, desde a literatura, a escola e a vida. Seguir". Fala da "saída do armario de todos estes galegófobos que supetamente están no poder. Agora é politicamente correcto dicir cousas que nunca chegaron a verbalizarse desde as institucións".

"Eu penso que aí o problema é de autorrepresión, porque a galegofobia xa existía nos medios máis españolistas. Que é máis problemático arestora, expresalo ou que iso exista de feito no noso país?", preguntase o autor de Crac. Sendo "pasos atrás en todos os sentidos", como di Andrea Nunes, o chamado, moi actual, é contra a quietude da sociedade civil, sexa o que for: "Loitar contra a pasividade cos medios de cada un. Activármonos".